

1. Introducción:

A historiografía é o xénero literario que ten por obxecto a reconstrución e a interpretación dos sucesos históricos. A historiografía como xénero literario naceu en Grecia (*historia* en grego significa “investigación”): era a exposición escrita dunha investigación crítica do pasado. Os primeiros historiadores foron Heródoto (s. V a.C., considerado o pai do xénero), Xenofonte (ss. V-IV a.C.) e Tucídides (s. IV a.C.).

A historiografía latina seguiu os pasos da grega. A súa finalidade era a investigación e exposición veraz dos feitos, sobre todo dos sucesos políticos, así como a exaltación patriótica. Os romanos tamén vían na historiografía un vehículo idóneo para mostrar exemplos de conduta, e transmitir e perpetuar os valores romanos. Pódese concluír, por tanto, que o carácter patriótico, o compromiso político e a intencionalidade moral constitúen as características esenciais da historiografía romana.

Durante a Antigüidade os historiadores romanos usaron múltiples enfoques: desde a biografía histórica ata a redacción exhaustiva de feitos históricos.

2. Os historiadores de época republicana:

(Este apartado sérvenos para ver os antecedentes de Tito Livio, pero non temos que memorizalo ao pé da letra).

a) Os analistas

A historiografía en Roma comeza a finais do s. III a.C. cos analistas, unha serie de homes (moitos deles funcionarios con acceso aos documentos oficiais) que levantaban acta dos feitos políticos, relixiosos e sociais máis relevantes ano a ano.

Entre estes temos que destacar a Catón (234-149 a.C.). A partir del os demais analistas comezaron a escribir en lingua latina. Antes relataban en lingua grega sucesos da historia romana. Catón, orgulloso de ser romano, propúxose chegar ata as orixes de Roma, polo que escribiu unha obra titulada *Orixes* (*Origines*). Nela non se preocupou só de Roma, senón tamén dos pobos latinos próximos sometidos pola urbe. Na súa obra late a idea nacionalista de que Roma está onde está polo seu valor e polo seu traballo como pobo.

b) Xulio César (100-44 a.C.)

É o autor de:

- *A guerra das Galias* (*De bello Gallico*): 7 libros nos que relata a guerra das Galias;
- *A guerra civil* (*De bello civili*): 3 libros que conteñen os avatares da guerra civil entre el e Pompeio.

a) Salustio (86-34 a.C.)

A súas obras son:

- As *Historias*: das que é moi difícil saber o contido, porque chegaron a nós de modo moi fragmentario (fragmentos de non máis de dúas liñas).
- *A conxuración de Catilina*: narra o intento de Catilina por conseguir o consulado no ano no que o obtivo Cicerón (63 a.C.).
- *A guerra de Iugurta*: relata o enfrontamento bélico entre Roma e Iugurta, rei dos númidas (un pobo do norte de África).

a) Cornelio Nepote (100-25 a.C.)

Escribiu *Sobre os homes ilustres* (*De viris illustribus*): 16 libros coa biografía de personaxes relevantes. Só se conserva un deles.

3. TITO LIVIO (59 a.C.-17 d.C.)

3.1. Datos biográficos:

O seu nome completo era Titus Livius Patavinus. Recibiu este *cognomen* por nacer en Padua (*Patavium*), cidade que naquel momento pertencía á Galia Cisalpina, é dicir, a unha provincia. Naceu no seno dunha familia burguesa e adinerada. Así parece deducirse do seu traslado a Roma cara o ano 30 a.C. para completar a formación filosófica e retórica que comezara en Padua, e da súa posterior dedicación exclusiva á realización da súa obra histórica.

Cando alcanzou a idade adulta, o réxime republicano xa rematara e Augusto asumía o poder. Tito Livio mantivo boas relacións coa corte imperial e incluso foi o educador de Claudio, que chegou a ser emperador de Roma. Os últimos anos da súa vida pasounos retirado na súa cidade natal. Ao parecer, a súa vida transcorreu entre Roma e Padua, sen moitas máis viaxes, aínda que non se debería excluír unha a Grecia, como era común entre os romanos máis acomodados e cultos. De feito, coñecía a lingua grega e a súa literatura.



Foi o prosista latino máis notable da súa época e obtivo un gran prestixio na súa madurez. Foi coetáneo doutros grandes autores como Horacio (ao que estudaremos no tema de poesía lírica). Era, sen embargo, algo máis novo que Virxilio e Mecenas.

3.2. Obra:

Tito Livio escribiu unha extensa historia de Roma, *Ab urbe condita* (*Desde a fundación da cidade*). Estaba composta por **142 libros** que desde a Antigüidade tardía foron agrupados de 10 en 10, para así facilitar a labor de copia e a transmisión desta obra tan voluminosa. A agrupación dos libros de 10 en 10 recibe o nome de **décadas**¹. Actualmente só **conservamos 35 libros** (menos dunha cuarta parte da obra).

Dos libros conservados o **contido** é o seguinte:

- 1ª década:
 - Libro I: relata as orixes de Roma e a época da monarquía.
 - Libros II-V: contan a historia da República ata a invasión dos galos (390 a.C.)².
 - Libros VI-X: continúan contando a historia da República romana ata a terceira guerra samnita³.
- 3ª década (libros XXI-XXX): está centrada na segunda guerra púnica (218-201 a.C.)⁴.
- 4ª década e metade da 5ª (libros XXXI-XLV): narran a submisión do reino de Macedonia por parte de L. Emilio Paulo⁵.

A excepcional extensión desta obra foi a causa de que non se conservase enteira. Copiar unha obra así era moi custoso e esixía moito tempo. Por iso desde moi cedo *Ab urbe condita* foi obxecto de **resumos**, grazas aos que coñecemos o contido dos libros perdidos. Entre estes resumos pódese citar o *Epítome* de Floro (finais do s. I d.C.) ou o *Breviario* de Eutropio (s. IV d.C.).

Tamén nos axuda a coñecer determinados fragmentos dos libros perdidos unha colección de prodixios⁶ que Xulio Secuente (s. IV d.C.) recolleu de *Ab urbe condita* e as obras de Orosio (historiador e teólogo, Gallaecia, ss. IV-V d.c) e de Avieno (xeógrafo, s. IV d.C.).

¹ Ollo! Unha década non abarca 10 anos, senón que fai referencia á agrupación dos libros de 10 en 10.

² Os galos derrotaron aos romanos ás beiras do río Alia (afluente do Tíber) e chegaron a saquear a cidade de Roma.

³ As guerras samnitas foron uns enfrontamentos entre os romanos (que comezaban a expandirse pola Península Itálica) e os samnitas (pobos que ocupaban os territorios en torno aos montes Apeninos). Houbo tres guerras entre o 343 e o 240 a.C., que remataron co total sometemento dos samnitas.

⁴ Recórdese que as guerras púnicas son os enfrontamentos entre cartaxineses e romanos pola hexemonía do Mediterráneo. Durante os ss. III-II a.C. producíronse tres guerras (264-241 a.C., 218-201 a.C., 149-146 a.C.) que remataron coa total destrución de Cartago. A segunda guerra púnica tivo como escenarios Hispania, Italia e o norte de África. Nesta ocasión os comandantes cartaxineses eran Aníbal e o seu irmá Asdrúbal.

⁵ Durante os ss. III-II a.C. os romanos, que se expandían cara Oriente, entraron en conflito co reino de Macedonia. Sucédéronse catro guerras entre macedonios e romanos. A terceira rematou coa vitoria en Pidna (noreste da actual Grecia) de L. Emilio Paulo, quen regresou a Roma no 167 a.C. co rei macedonio (chamado Perseo) feito prisioneiro.

⁶ Xulio Secuente reuniu os sucesos extraordinarios e sobrenaturais ocorridos en Roma entre os anos 249-12 a.C. Estes prodixios teñen que ver con fenómenos celestes (eclipses, raios...) e terrestres (terremotos, cambio de cor nas augas de ríos e fontes...), etc.

En realidade, *Ab urbe condita* relataba a **historia de Roma desde a fundación da cidade no ano 753 a.C. ata o ano 9 a.C.**, no que morre Druso, antepasado directo de tres emperadores: Claudio (o seu fillo), Calígula (o seu neto; fillo do seu fillo Xermánico) e Nerón (o seu bisneto). Tito Livio foi, pois, o primeiro historiador que intentou escribir cun **sentido de totalidade** a historia. Coa súa obra pretendía exaltar o pasado de Roma e demostrar que fora destinada á grandeza.

Para levar a cabo este traballo T. Livio posiblemente utilizou como **fontes**:

- os anais máximos (documentos nos que o Pontífice Máximo rexistraba os eventos públicos máis notables acontecidos durante o ano, así como os nomes dos cónsules e dos maxistrados),
- os fastos (calendarios nos que se anotaban as datas das celebracións, festas, xogos e acontecementos destacados),
- diversas inscricións,
- as obras dos analistas (como Valerio Antias, s. I a.C.) e de historiadores anteriores a el (a pesar de non ter un perfecto dominio da lingua grega, Livio tería lido a Polibio, historiador grego, para informarse sobre parte do período republicano⁷)...

Pero a verdade é que se encontrou con **problemas** de diversa índole:

- a falta de información, especialmente en todo o referente á época primitiva (por exemplo, á época da monarquía);
- a dificultade de ler, comprender e interpretar os textos máis antigos;
- a imposibilidade de acceder a moitos arquivos, xa fose porque estaban en provincias ou en arquivos privados;
- a súa falta de coñecemento das cuestións militares e políticas de tipo práctico (Livio nunca se dedicou á política nin desempeñou cargos públicos). En consecuencia, as súas descrições de batallas e asedios son interesantes desde o punto de vista literario, pero non teñen interese técnico; as súas descrições das actuacións do Senado son idealizadas e demostran un certo descoñecemento do funcionamento desta institución; non domina certa información sobre etnografía, topografía ou xeografía, o que o leva a caer en inexactitudes ou incluso en anacronismos...

T. Livio elaborou a súa historia sobre **materiais** que en moitas ocasións eran **de segunda man**.

Os seus métodos de documentación e de consulta de fontes non eran tan perfectos como os doutros historiadores posteriores. A miúdo limitábase a seguir a un determinado analista, ás veces ofrece dúas versións dun mesmo suceso ou incluso cae en contradicións. Porén, este modo de proceder, é dicir, de informarse e de escribir, permitiulle compoñer unha obra moi extensa e completa de forma bastante rápida. Livio fixo una narración detallada dos feitos, pero as súas análises, críticas e explicacións son

⁷ Polibio foi un historiador grego que viviu entre os anos 200-120 a.C. No ano 166 a.C. foi capturado polos romanos e estivo en Roma como refén 16 anos. Escribía en grego, pero na súa obra falou da expansión e hexemonía de Roma no Mediterráneo.

escasos. Incluso se podería dicir que ás veces chega a falsear, deformar ou silenciar a verdade, xa sexa por patriotismo ou por preferir versións que tenden ao sentido dramático e propio da epopea⁸.

En *Ab urbe condita* apreciase un **contido didáctico e moralizante**, así como a representación do **romano ideal**: heroico, traballador, constante, respectuoso coa tradición e cos deuses; deuses, por certo, que están dalgún xeito presentes na propia evolución histórica. De feito, poderíamos dicir que a concepción histórica de T. Livio non se basea na procura de explicacións históricas en termos políticos, senón en termos persoais e morais: miraba a historia a través de individuos representativos.

A súa obra é unha **glorificación de Roma** e un **panexírico**⁹ do pobo romano: busca perpetuar a memoria dos grandes feitos realizados polos romanos.

En definitiva, a obra de Tito Livio, na que se aprecia a **influencia** dos historiadores gregos, dos áticos (Xenofonte, Tucídides) e dos helenísticos (Polibio), e dos analistas e historiadores latinos, dista bastante do que hoxe en día entendemos por historia. Agora ben, hai que destacar que os supostos defectos de T. Livio como historiador eran comúns a case todos os historiadores antigos.

En canto á súa **lingua**, Tito Livio xa no é puramente clásico, senón que anuncia a lingua dos prosistas imperiais. No **estilo** apréciase unha preocupación pola *variatio* para non aburrir ao lector. A *variatio* pode ser de contido: alterna sucesos sociais e políticos con feitos militares e diplomáticos; ou de forma: contén partes narrativas, discursos (tanto en estilo directo como en estilo indirecto), episodios dramáticos (*e.g.* a violación de Lucrecia)... Deste modo, T. Livio exhibe o seu dominio da retórica.

Coa súa obra histórica alcanzou xusta fama xa en vida e ao longo dos séculos. Del herdamos a concepción da historia, que segue un proceso similar ao dos seres vivos: os pobos, como os homes, nacen, crecen e finalmente decaen. Esta especie de **bioloxismo histórico** é un dos principais legados de T. Livio á cultura de Occidente.

4. Os historiadores de época imperial: (non é necesario memorizar este apartado)

A comezos do Imperio a vida cultural empobreceuse debido a que os intelectuais estaban controlados polos emperadores. Aínda así, seguía habendo intelectuais. O historiador máis relevante é Tácito (55-120 d.C.), autor das *Historias* e dos *Anais*.

⁸ Por exemplo no libro V minimiza a vitoria dos galos que a comezos do s. IV, tras avanzar pola península itálica, chegaron a Roma e saquearon a cidade.

⁹ Panexírico: discurso de louvanza.